



Veciñanza esixe que en Cuntis se garanta unha atención sanitaria digna e completa

Estamos ante unha cuestión moi seria, que debe estar por enriba de intereses partidarios. Precísase unha fronte común das catro forzas políticas representadas na Corporación para esixirlle á Xunta que garanta que os veciños e veciñas de Cuntis teremos unha atención sanitaria digna.

Cuntis, 1 de decembro de 2015. Veciñanza incidiu no pleno do pasado venres nun dos asuntos que máis malestar e inquedanza está a xerar entre os veciños e veciñas de Cuntis nos últimos tempos: a atención sanitaria. Como por todos/as é sabido, a sanidade é unha das áreas que padeceu os recortes máis severos nos últimos anos por parte dos gobernos do PP tanto da Xunta como do Estado, e a saúde das persoas paga as consecuencias xa sexa de maneira directa ou indirecta. **En Cuntis o malestar e as queixas son unha constante** aínda que non sempre consten documentalmente. Son varios os factores que xeran este malestar: ningunha semana o Centro de Saúde de Cuntis conta coa atención dos tres médicos os cinco días da semana, pois hai unha ausencia sistemática xa coñecida (que non entramos a valorar), e ante a cal a Consellaría de Sanidade non pon remedio ningún. En épocas de vacacións ou outro tipo de circunstancias, asígnanse substitucións que polo seu carácter efémero non favorecen precisamente unha atención de calidade para os/as doentes. Existen máis motivos que alimentan o malestar, pero nos últimas semanas coñeceuse que en poucos días un dos tres médicos causará baixa por xubilación, e **a ausencia de aclaracións ao respecto sementou a dúbida e a inquedanza** entre a poboación cuntiense.

No Pleno do pasado venres, o noso voceiro municipal Santi Martínez incidía nesta cuestión e instaba ao Goberno Local a tomar cartas no asunto. Se ben é certo que non é unha competencia do Concello, **o Alcalde e o grupo de goberno deben liderar o malestar veciñal e encabezar as reivindicacións. Así mesmo, deben aclarar de inmediato en que situación vai quedar a atención sanitaria en Cuntis a partires desta baixa á que nos referiamos e, en todo caso, esixirlle á Consellaría de Sanidade que garanta a atención de polo menos tres médicos/as os cinco días da semana.**

Veciñanza considera que esta é unha cuestión moi seria, que debe estar **por enriba de intereses partidarios** e que Cuntis debe pelexar por unha atención sanitaria digna e decente. Antes de nada o Grupo de Goberno debe informarse de cal vai ser a situación na que quede o noso Centro de Saúde, e deseguido aclarárnola aos veciños e veciñas que a día de hoxe tan só manexamos especulacións. Nestas situacións é onde se comprobaban os efectos devastadores das políticas antisociais do Partido Popular, que presenta unhas cifras de recorte e privatizacións certamente alarmantes. A gravidade da situación en Cuntis merece, ao noso ver, ser tratada nun pleno extraordinario do que saia unha fronte común das catro forzas políticas representadas na Corporación para esixirlle á Xunta que garanta que os veciños e veciñas de Cuntis teremos unha atención sanitaria digna.